


CADERNO de AGOSTO

Quinta-feira, 28 de agosto de 2014 • Número 5 **SERMOS GALIZA**

SENDEIRISMO EN GALIZA

Pouco a pouco, o verán vai chegando á súa fin e é así que toca despedir este Caderno de Agosto. Faremolo sen nostalxia da canícula: estivo ben mentres durou pero o outono tamén é época para gozar: unha estación non só para a poesía senón tamén para andala. Cada vez é máis a xente que se bota ao monte. **Px. 2 e 3**

Ruta Camiño dos Faros.
Foto: Antonio Amboade



Antonio Amboade



ENTREVISTA A REBECA BACEIREDO. Páx 6



O DESENLACE DA "OPERACIÓN MONTE DE LIXO", POR XABIER P. DOCAMPO Páx.5



O COUREL, O RECUNCHO DE TERESA MOURE. Contracapa

Faise país ao andar

Remata o verán pero non as oportunidades para saír da casa e respirar aire puro. Máis aló da praia, hai moito campo por andar e moitísimos camiños por descubrir. O outono, pola súa riqueza cromática, é unha das mellores épocas para o sendeirismo, unha afección en auge nos últimos anos, e máis dende que a crise fai argallar formas de turismo e deporte a baixo custe. O potencial de Galiza para o sendeirismo é enorme. O potencial do sendeirismo para o país, tamén, porque lle dá nova vida ao rural abandonado. Porén, está aproveitado?

A José Menéndez, presidente da asociación ambiental Senda Nova, dicíalle, hai cousa dunha década, cando comezou a deseñar e organizar os primeiros itinerarios por Carballo e a súa contorna, que o sendeirismo estaba ben para os Picos de Europa, mais que en Galiza non tiña futuro. O tempo rematou por darlle a razón fronte a argumentarios incrédulos. Ao principio, non chegaban nin a dez as persoas que se xuntaban para ir ao monte. Agora, pasan do medio cento. O mesmo aconteceu co exitoso Camiño dos Faros, un percorrido de 200 quilómetros que une Malpica e Fisterra acariñando a beleza salvaxe do litoral da Costa da Morte. A primeira etapa, na primavera de 2013, reuniu a 23 persoas. Un ano despois, congregaban a máis de 700 nun domingo de Ramos.

Dende a Federación Galega de Montañismo, a entidade que homologa as rutas e outorga as licencias para a práctica deste deporte, constatan este incremento. As dúas primeiras rutas recoñecidas oficialmente, pola serra do Galiñeiro, datan de principios dos anos noventa. Hoxe en día, hai en Galiza catro rutas de gran percorrido e hai máis dun cento de pequeno percorrido. Das 3.300 licencias que teñen concedidas na actualidade dende a Federación, máis da metade son, non de montañismo, senón precisamente para a práctica sendeirista. Así nolo confirma Alberto Canle, vogal de sendeiros da entidade. E, ademais, por cada persoa federada, pode haber unhas oito sen federar, segundo estima Henrique Freixeiro, xerente da empresa Segatur, que ten elaborado numerosas rutas para as administracións. A Federación Española de Deportes de Montaña é, de feito, a quinta no ámbito estatal en número de licencias. A maioría delas, dinos Freixeiro, sono de sendeirismo.

Por que degoiro tal por botarse a andar? O sendeirismo é unha forma de turismo asequíbel a todos os petos e un deporte de baixa intensidade ao alcance mesmo de quen non estea moi en forma, incluso da xente maior, que sabe ben das rutas do colesterol. Engancha, tamén, polo contacto coa natureza, polas oportunidades que dá para o coñecemento do patrimonio histórico e natural e, sobre todo, pola a maxia da descuberta de novas paisaxes que temos ao carón. "Á xente impresionalle escoitar o mar, ver praias onde non hai ninguén, observar a noite sen ningunha luz no hori-

Coñecemos o país no que vivimos alén as paisaxes que podemos dexergar dende os camiños de asfalto? Chega con aventurarse só unha vez por corredeiras, ribeiras e atallos para darnos conta do moito que ignoramos do territorio que habitamos. Estamos ás portas do outono, unha das mellores épocas para a práctica do sendeirismo, para descubrir tamén que non se fai país sen andalo.

Por Belén Puñal
Xornalista

Asociación Camiño dos Faros.



zonte", afirma o voceiro da asociación Camiño dos Faros.

AS ADMINISTRACIÓNS, A MONTE

Porén, o incremento da afección polo sendeirismo non está a ser acompañado dun esforzo parello por parte das administracións. En tempos de bonanza, cando de Europa chegaban axudas para investir no medio rural a fondo perdido e en actividades non produtivas, os concellos aproveitaron para a creación de sendeiros. Mais, coa crise, esta billa mingouo, explicanos Henrique Freixeiro. As administracións, en todo caso, adoitan investir na creación das rutas, mais non na súa conservación, na limpeza e desbroce que é imprescindible para mantelas accesíbeis, polo que nalgún caso mesmo

O sendeirismo é unha forma de turismo asequíbel a todos os petos e un deporte de baixa intensidade ao alcance mesmo de quen non estea moi en forma

rutas homologadas pola Federación Galega de Montañismo rematan por ser dadas de baixa pola entidade por non aptas. En moitas ocasións, son colectivos como as comunidades de montes ou entidades ligadas ao sendeirismo quen as mantén a punto.

A Xunta, segundo o exemplo que podemos atopar nunha zona de tal riqueza paisaxística como o Courel, obvia o poder que a recuperación dos camiños ten para a rexeneración do rural. A maior parte desta paraxe de montaña permanece inaccesible, segundo explica Orlando Gregorio Álvarez, de SOS Courel. Só hai dúas rutas oficiais. A maioría foron creadas á marxe da administración e mantidas polo propio impulso da xente do lugar: seis delas por hosteleir@s da zona e, unha, a que sube a Penaboa e Piapaxaro, a máis dura de Galiza pola súa pendente, foi rematada de acondicionar polo propio Orlando. A administración, denuncia, inviste en pistas, cortalumes e na plantación de piñeiros, mais non no forestal autóctono e nos camiños que o atravesan. Os carreiros de antano remataron por desaparecer entre toxos e silvas. Porque todos os camiños fanse ao andalos e acaban por morrer tan pronto as pisadas deixan de tatalos.

O exitoso Camiño dos Faros, ruta sendeirista de 200 quilómetros que vai dende Malpica até Fisterra á beira da Costa da Morte ao longo de oito etapas, inicia este 31 de agosto a súa cuarta edición.

Turgalicia.



DESCUBRINDO CAMIÑOS EN BICI

Outra forma de aventurarnos monte adentro é en bici de montaña. Tamén a BTT semella en auxe. O perfil, porén, é diferente. Require máis investimento (unha bici é bastante máis cara ca unha mochila) e, a non ser en roteiros familiares, que tamén hai, adoita ser practicada por xente con certo hábito de facer deporte. Mentres que o sendeirismo é frecuentado por persoas de ao redor dos corenta anos e con moita presenza de mulleres, na BTT, pola contra, dominan os homes de 20 a 45 anos, segundo nos explica Henrique Freixeiro, da empresa Segatur.

Dende a Administración autonómica puxéronse a andar até o de agora dous centros BTT, áreas onde se pode practicar este deporte, cun conxunto de rutas máis ou menos comunicadas entre si non inferiores a dez e superiores en conxunto aos 100 quilómetros de percorrido, cun punto de acollida con información e servizos para a bicicleta. Un deles está no Salnés. O outro, o de Portas de Galicia, abrangue concellos ourensáns lindeiros con León e Zamora.

Alén estes dous centros oficiais, existen tamén roteiros deseñados por diversos colectivos. Rutas sinalizadas podemos encontrar, así, en Pobra de Brollón, na zona da Península do Morrazo, no Barbanza e en Ferrol. Tamén a golpe de pedal se fai camiño.

PARA SABER MÁIS

- > www.wikiloc.com
- > www.turgalicia.es
- > www.fgmontanismo.es

En Galiza, existen dous Centros BTT da Xunta, o de Salnés e o de Portas Abertas, na zona ourensá que limita con Zamora e León. Foto de Turgalicia.

Henrique Freixeiro, segatur.com.



Foto da asociación Senda Nova.



As paisaxes de ribeira adoitan sorprenden. As marxes dos ríos son dos lugares onde mellor se conserva a vexetación autóctona. Foto da asociación Senda Nova, da ruta "Ríos de Sofán".

SG.



O outono é unha das mellores épocas para visitar o Courel. A intensidade cromática realza aínda máis a súa paisaxe. Foto de Guillermo Díaz Aira.